



Proxecto cofinanciado por
FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"

UNIÓN EUROPEA



Deputación
Pontevedra



Dinamización Económica
da Comarca



FICHA ARQUEOLÓXICA DOS CASTROS DA COMARCA DE DEZA (PONTEVEDRA)

1. CLAVE DE IDENTIFICACIÓN: GA 36 024 042

Adscrición tipolóxica:	Castro	Adscrición Cultural:	Idade de Ferro
------------------------	--------	----------------------	----------------

2. LOCALIZACIÓN

Nome:	CASTRO DE CABRAS		
Topónimo:	Pena do Castro		
Provincia:	Pontevedra		
Concello:	Lalín		
Parroquia:	Castro (San Pedro)		
Lugar:	Castro de Cabras		
CARTOGRAFÍA			

Coordenadas

Uso UTM:	Coord. x:	581.578	Latitude:	42° 38' 38,704" N
	Coord. y:	4.721.772	Lonxitude:	8° 0' 17,553" O

Nº MAPA	Esc. 1/10.000:	154 - 13	Esc. 1/5.000:	0154A-0502 (malla anterior: 0154 2-5)
---------	----------------	----------	---------------	---------------------------------------

ACCESOS

Dende Lalín tomar a estrada que conduce a Rodeiro. Percorridos 10 km. chégase á altura do núcleo de Tecedeiras. Alí tómase unha pista asfaltada á man esquerda que conduce ó lugar de Castro. Unha vez percorridos 300m. dende o centro do pobo tomar un camiño asfaltado no seu primeiro tramo (ata unha casa) e logo de terra, que leva dirección este. Percorridos uns 100 m. ábrese unha ramificación á man esquerda que hai que seguir uns 300 m. en dirección norte. Xusto antes de que o camiño de unha curva pronunciada, hai que introducirse nunhas leiras privadas para acceder ó castro.

3. CARACTERÍSTICAS DO EMPRAZAMENTO

Altitude:	702 m.s.n.m.		
Emprazamento topográfico:	Emprázase no extremo setentrional dunha lomba, preto da ruptura de pendente, dominando o Rego de Froxán.		
Utilización do entorno:			

O seu contorno está dedicado na súa meirande parte a terras de labor e prados.



FICHA ARQUEOLÓXICA DOS CASTROS DA COMARCA DE DEZA (PONTEVEDRA)

4. ESTADO ACTUAL E PROTECCIÓN						
<ul style="list-style-type: none"> Vexetación 						
<p>Tanto o recinto como o seu contorno están poboados por abundante vexetación de carballo, xesta, uz, toxo e silva.</p>						
<ul style="list-style-type: none"> Descrición das alteracións: 						
<p>Na zona setentrional presenta unha sondaxe (de 1,8 x 3 m de superficie e 1 m. de profundidade) e diversas escavacións na zona da entrada que según un informante local foron realizadas por furtivos que viñeron con sacha e detector de metais. Pola súa banda occidental na zona exterior do terraplén existe abundante lixo.</p>						
<ul style="list-style-type: none"> Grao de conservación 	Moi bo:	Bo: X	Regular:	Malo:	Moi malo:	Desaparecido:
<ul style="list-style-type: none"> Causas de alteración: 						
<p>Escavacións furtivas e deposición de lixo.</p>						
<ul style="list-style-type: none"> Protección Legal 	BIC:		Planeamento urbanístico:	X	Outros:	
<ul style="list-style-type: none"> Protección física: 						
<ul style="list-style-type: none"> Intervención arqueolóxica: 						
<ul style="list-style-type: none"> Réxime de propiedade: 		Pública:		Privada:		X
5. MATERIAIS						
<ul style="list-style-type: none"> Descrición: 						
<p>En Presas (2008 319-320) se citan algúns achádegos puntais de materiais que se descubren cos traballos agrícolas.</p>						
<ul style="list-style-type: none"> Procedencia 	Achado casual:		Intervención arqueolóxica:		Outra:	
<ul style="list-style-type: none"> Lugar actual do depósito: 						
- Museo ou colección pública:						
- Museo ou colección privada:						
- Particular, Nome(s) e dirección(s):						

FICHA ARQUEOLÓXICA DOS CASTROS DA COMARCA DE DEZA (PONTEVEDRA)



7. DESCRICIÓN DO XACEMENTO:

O castro aparece definido por un recinto de forma triangular redondeada con eixo maior de orientación N-S que mide 75 m. de lonxitude, tomados no seu interior. No seu eixo menor ten uns 55 m. de medida máxima. As defensas naturais, moi marcadas especialmente na súa metade norte, se complementan cun terraplén de terra que percorre o seu perímetro.

Na zona oriental do recinto destaca un gran afloramento rochoso que determina que a superficie da croa presente un acusado buzamento cara ó oeste, respetando a configuración natural do terreo. A presenza desde afloramento pode levar a confundir nalgún punto a subida do terreo coa existencia dun parapeto que, polo menos nas zonas que puideron ser inspeccionadas, non parece claro. Na zona setentrional pódese identificar unha sondaxe de 1,80 x 3 m. que según informante local (do mesmo xeito que outros buratos detectados) foron debidos a traballos de furtivos.

Na zona meridional, a máis vulnerable do asentamento, sitúanse dúas entradas á croa. A máis clara delas emprázase no cuadrante suroeste é aparece marcada por unha interrupción do terraplén. A ela accédese a través dunha rampla aberta polo sur. No extremo sueste hai outro acceso ao recinto, facilitado pola existencia dun pequeno esporón que conduce a unha zona de entrada protexida, na súa marxe oriental, por un pequeno parapeto duns 10-15 m. de lonxitude e uns 4 m. de anchura.

Polo exterior do recinto, car ao leste, o relevo descende de forma escalonada a través de terrazas de cultivo que non parecen ter relación cos restos dalgún antecastro.



Orotografía do voo Americano de 1956 - 1957 (esquerda) e detalle do plano 1:5000 (dereita)



Proxecto cofinanciado por
FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"

UNIÓN EUROPEA



Deputación
Pontevedra




Dinamización Económica
da Comarca



FICHA ARQUEOLÓXICA DOS CASTROS DA COMARCA DE DEZA (PONTEVEDRA)

8. CROQUIS DO XACEMENTO:





FICHA ARQUEOLÓXICA DOS CASTROS DA COMARCA DE DEZA (PONTEVEDRA)

9. FOLKLORE

- Según informante local o nome de Castro das Cabras ten a súa orixe nunha lenda segundo a cal os habitantes da zona para botar fora os mouros que vivían no castro, espantáronos cun rebaño de cabras ás que lle puxeron na súa cornamenta velas, e colgaron nos seus pescozos campanillas. Os mouros escaparon cando tal viron. O mesmo informante di que nunha leira próxima apareceu un cacharro de barro como se fora de borralla que tiña ouro moído dentro (Recollido polos redactores da ficha en 2012).

- "Leyendas de riquezas de los moros, de rocas que humean en la noche de San Juan y de ceniza que era oro". (Figueira e García 1954-56: 125)

- "Este castro chámase así, porque había moitos mouros e para botalos fóra do castro, os veciños puxéronlle velas ás cabras nos cornos unha noite, como se foran un grande exército, e os mouros fuxiron co medo". (Recollido en A. Vázquez e D. González (1989), tomado de Presas 2008:317)1

- "Os veciños querían botar aos mouros fóra do castro, pero como lles era moi difícil facelo idearon unha estratexia para resolver o caso. Prepararon un rebaño de cabras con "fachas" nos cornos e con "chocallos" tapados con herbas para que non fixeran ruído e leváronas, silenciosamente, pola noite ao lado NE do castro. Estando alí, e cando lles pareceu, acenderon os fachos, sacáronlles as herbas aos chocallos e soltaron as cabras que, asustadas, botaron a correr monte arriba en dirección ao castro.

Os mouros ao ver que lles viña encima aquel ruidoso exército fuxiron despavoridos e non voltaron máis ao castro, deixando tódalas súas cousas abandonadas. Sen embargo, unha moura quedou escondida dentro dunha cova que estaba no lado contrario, no poñente, e non puido fuxir cos demáis. Polo de agora, aínda ninguén atopou esa cava, pero din que existe. O certo é que se ten visto saír fume por entre as fendas do penedo que hai no alto do castro, na noite de San Xoán, e atribúeselle á moura cando "fai fume" dentro do castro". (Presas 2008:317).

- "Segundo outra versión o sucedido foi moi diferente. Unha señora andaba coas Cabras polo monte do castro adiante e, como non volvía para a casa, fórona a buscar, pero atopárona morta a carón dun penedo. Desde aquela quedoulle o nome de 'O Castro das Cabras', porque quedarán sen pastor naquel monte". (Presas 2008:318).

- "Os mouros seguen vivindo no castro e algunhas penas botan fume na noite de San Xoan". (Recollido en A. Vázquez e D. González (1989), tomado de Presas 2008:318)

- Un veciño que ten un péndulo deulle alí un tesouro (Recollido en Vázquez e D. González 1989 en Presas 2008:318)

- "No castro hai cinzas que se convirten en ouro ao tocalas". (Recollido en Vázquez e D. González 1989 en Presas 2008:318)

- "Contaban os vellos que ao facer un rebaixe pola parte de afóra do castro, no terraplén, os homes que andaban alí tiñan postas unhas polainas de pel de cabra co pelo volto para fóra. Atoparon unha ola de barro chea de borralla e carbóns, pero tiraron todo ao chan, porque lles pareceu que non valía absolutamente nada. Despois observaron que na borralla pegada ás polainas había algo que brillaba, miraron que podía ser e decatáronse que era 'ouro en po'. Non foron capaces de recuperar o que tiraran ao chan, porque era tan miúdo que non se podía ver. Deste xeito, desperdiciaron unha ocasión de facerse cun dos tesouros ocultos no castro" (Presas 2008:318).

- "No castro hai tesouros escondidos, porque os mouros non tiveron tempo de levar as súas casas, cando foron botados de aquí. Para buscar eses tesouros habería que levantar todo empezando polo NE porque, posiblemente sexa nesa parte, ande se localicen máis tesouros" (Presas 2008:318-319).

FICHA ARQUEOLÓXICA DOS CASTROS DA COMARCA DE DEZA (PONTEVEDRA)

- "Hai unha trabe de ouro-alquitrán, pero o que intente facerse co ouro terao moi difícil, porque as vigas están apegadas. Se topa co alquitrán estoupa todo e o castro salta polos aires e, se da coa de ouro, pódese facer moi rico, pero como están apegadas non se dan separado" (Presas 2008:319).
 En García Porral (2010: 35) cítanse as mesmas lendas.

10. POTENCIAL DE REVALORACIÓN DO XACEMENTO	Excelente:		Axeitado:		Non axeitado:	X
<ul style="list-style-type: none"> Estado de conservación actual: O xacemento presenta un bo estado de conservación. Conserva a croa con accesos. 						
<ul style="list-style-type: none"> Vulnerabilidade ás visitas: Non presenta puntos vulnerables, nas zonas que puideron ser inspeccionadas. 						
<ul style="list-style-type: none"> Orixinalidade (deste castro respecto doutros): Destaca a relación e adaptación ó medio natural. Nese sentido é un bo exemplo de cómo os castrexos non invertían esforzos constructivos extraordinarios cando atopaban un enclave estratéxico coma este. 						
<ul style="list-style-type: none"> Perceptibilidade das estruturas: As estruturas defensivas aínda que son evidentes, limítanse a un terraplén e un pequeno tramo de parapeto. Por outro lado, o xacemento en si non ocupa unha posición hexemónica na paisaxe, polo que a súa perceptibilidade exterior non é evidente, repara nel, case que cando topas co terraplén 						
<ul style="list-style-type: none"> Accesibilidade e capacidade de recepción de público: A existencia dunha vía de servizo na estrada xeral de acceso, facilita o estacionamento de vehículos pesados e lixeiros no entorno do castro, pero non moi cerca. O acceso directo faise a través dunha leira que cegou o camiño de terra que alí existía. Hai que destacar que os propietarios dos terreos inutilizaron o acceso o xacemento mediante acumulación de escombros. O mellor para acceder ó castro, sería tomar un camiño de terra que hai antes de chegar ó núcleo de Castro das Cabras. Non existen servizos ao redor. 						
<ul style="list-style-type: none"> Potencial de ilustración (xacemento e contorna): Non se considera, exceptuando o especificado no apartado de orixinalidade. Ten problemas de accesibilidade e visibilización que restan posibilidades de revalorización. 						
<ul style="list-style-type: none"> Necesidades mínimas para a revalorización: Roza do castro, retirada de lixo, acondicionamento das zonas escavadas, recuperación e acondicionamento do acceso. 						
<ul style="list-style-type: none"> Outros elementos de Patrimonio Cultural próximos: Existen na zona túmulos neolíticos, pero non preto do xacemento. Segundo Buxán (Buxán 1989: 40) hai varios túmulos neolíticos no entorno e hai referencias da aparición dun puñal de cobre con lengüeta e tres puntas de frecha tipo Palmela inventariadas no Museo de Pontevedra 						



Proxecto cofinanciado por
FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REGIONAL
"Unha maneira de facer Europa"



Deputación
Pontevedra



FICHA ARQUEOLÓXICA DOS CASTROS DA COMARCA DE DEZA (PONTEVEDRA)

10. BIBLIOGRAFÍA E DOCUMENTACIÓN

ÁLVAREZ LIMESES G. (1936): *Geografía general del reino de Galicia. Provincia de Pontevedra*. Barcelona: A. Martín. Páx. 536.

BUXÁN, C. (1989) *Guía dos Castros de Lalín*. Lalín: O trillón. Asociación Cultural "O Naranxo". Páx. 39-40.

CARBALLO ARCEO, L.X. (1989): *A Cultura castrexa na bacia media do río Ulla*. Tesis Doctoral lida na Facultade de Xeografía e Historia, Universidade de Santiago de Compostela. Páx.

(2001) *A cultura castrexa na comarca do Deza*. Col. Deza Básicos nº 4. Lalín: Patronato cultural de Lalín, Seminario de Estudos do Deza, Concello de Lalín. Páx .82,86, 157,334.

EPYPSA: "Ficha de Inventario 1-11 do PGOU de Lalín".

FILGUEIRA VALVERDE J.; GARCÍA ALEN A. (1954- 56) "Materiales para la Carta Arqueológica de la Provincia de Pontevedra". *El Museo de Pontevedra*, TVIII. Páx. 125.

GARCÍA PORRAL, X. C. 2010: *Lendas castrexas: Antropoloxía da tradición oral no concello de Lalín*. A Coruña: Lóstrego. Páx. 35.

MEIJIDE CAMESELLE, G. e REY SEARA. E. (1989) "Ficha de inventario de Xacementos Arqueolóxicos da Xunta de Galicia". Inédito. Depositada na Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. Xunta De Galicia.

LÓPEZ CUEVILLAS, F.(1934) Puertas de los castros gallegos. *Anuario del Cuerpo Facultativo de Archiveros, Bibliotecarios y Arqueólogos* V. 11. Madrid

(1973): "Prehistoria". En R. Otero Pedraio (dir.): *Historia de Galicia*. Vol. III. Buenos Aires. Páx. 272.

PEÑA (de la) SANTOS A. (1974). "Voz Lalín" En *Gran Enciclopedia Galega* T. XIII.

PRESAS GARCÍA, A. (2008) *Os castros de Lalín*. Col. Deza Básicos. Lalín: Concello de Lalín Páx. 313-324.

VÁZQUEZ CRESPO, A. (1991): *Lalín. La tierra de Deza*. Guía Everest. Madrid: Everest

VÁZQUEZ CRESPO, A. E GONZÁLEZ ALÉN (1997): *A comarca do Deza*. Pontevedra: Deputación Provincial de Pontevedra, 2ª ed. (ed. Orixinal 1989).

Informante(s):	
Redactor(es):	Santiago Ferrer Sierra e Mar López Cordeiro
Lugar e data:	
Lalín, 22 de novembro de 2012	



Proxecto cofinanciado por
FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"



Deputación
Pontevedra



FICHA ARQUEOLÓXICA DOS CASTROS DA COMARCA DE DEZA (PONTEVEDRA)

GA36024042. CASTRO DE CABRAS (Castro de Cabras, San Pedro de Castro)



IMG_6716. Vista xeral do castro dende o sur. Nótense os afloramentos da zona oriental.



IMG_6715. Detalle do estado actual do acceso ó castro.



Proxecto cofinanciado por
FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"

UNIÓN EUROPEA



Deputación
Pontevedra



depoDeza
Dinamización Económica
da Comarca





FICHA ARQUEOLÓXICA DOS CASTROS DA COMARCA DE DEZA (PONTEVEDRA)




IMG_6713. Vista da entrada á croa do castro.





IMG_6714. Vista xeral do interior do recinto dende o oeste.



MODELO DIGITAL DEL TERRENO



ORTOIMAGEN



PLANTA
E:1:500